



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Pagamento do prezo xusto pola expropiación dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto: CIERRE DE ANILLO 20 kV LMT FONSAGRA_1 (SE_MEIRA) CON LMT MEIRA_2 (SE_FONSAGRADA) CT OUTARIZ (CD_260)-CT VILARES (CD_1035). Concello Ribeira de Piquín. Expediente: IN407A 2022/131-2.

Mediante o presente anuncio comunícase a todos os interesados afectados polo procedemento de expropiación do expediente de referencia, cumprindo co previsto na resolución dictada polo Xurado de Expropiación de Galicia, a data, a hora e o lugar para o pagamento do prezo xusto de acordo co seguinte calendario:

Concello	Titular	Día	Hora	Predio/s
Ribeira de Piquín	Amable García Cancio	26/10/2026	10:00	2,3,4,5,6,7,8,9 e 30
	Alicia López Díez		11:30	11
	Jose Fernández Vial		12:00	41
	Hrdos de Jesús López López María Pérez López	27/10/2026	10:00	20 e 27
	Hrdos de Maria Teresa Álvarez Fernandez (Julio Díaz Álvarez)		11:00	23
	Hrdos de María Teresa Álvarez (Manuel Díaz Álvarez)		11:00	25
	Hrdos de Maria Teresa Álvarez (Manuel Díaz Álvarez e outros)		11:00	21 e 22
	José María García López		12:00	10 e 16

Os propietarios dos predios afectados serán notificados individualmente e advérteselles que os pagamentos se realizarán nas condicións que establecen o artigo 48 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 (BOE núm 351 de 17 de decembro de 1954), e os artigos 48, 49 e 50 do seu Regulamento, de 26 de abril de 1957.(BOE núm. 160 de 20 de xuño de 1957).

Lugo, 8 de xullo de 2026.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

R. 1881

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

2026/CON_02/000066.- ABADÍN.- Rehabilitación de firme LU-P-0101 "Gontán (LU-171) - Ferreira do Valadouro (LU-161)" p.k. 4+770 a 6+200 e LU-P-3106 "Os Remedios (N-634A) - Estelo - Romariz (LU-P-0101)" p.k. 14+850 a 16+425

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións

por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial <https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>

Lugo, 14 de xullo de 2026.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1910

CONCELLOS

CERVO

Anuncio

SUMARIO Resolución de Alcaldía n.º 2026-0575 do Concello de Cervo pola que se resolve a publicación da relación de persoas aprobadas da convocatoria de selección para a cobertura da praza de funcionario/a de carreira Auxiliar Administrativo/a, vacante no cadro de persoal deste Concello.

PRIMEIRO.- Unha vez concluído o procedemento para a selección de persoal funcionario mediante oposición libre para a provisión en propiedade da seguinte praza, neste Concello:

- **Grupo:** C
- **Subgrupo:** C2
- **Escala:** Administración Xeral
- **Subscale:** Auxiliar
- **Denominación:** Auxiliar Administrativo/a
- **Nº de vacantes:** 1

SEGUNDO.- Publícase para o seu xeral coñecemento a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación, que é a seguinte:

Identidade do Aspirante	DNI	Puntos Obtidos
1. Pamela Villares Fernández	**5954***	94,75
2. Maria José Martinez Fachal	**9965***	83,75
3. Lidia Torre Mahia	**8803***	82,5
4. Saray Blanco Canoura	**8836***	82,5
5. Eva María Camino Brito	**9934***	77,25
6. Inés Fernández Carreira	**2781***	74,75
7. Maria Rocha Garcia	**3458***	74,25
8. Maria Begoña Alvarez Verdeal	**5937***	72,25
9. Vanesa Cabana Castro	***5369***	71,75
10. Lucia Parrilla del Rio	**4367***	71,5
11. Maria José Vázquez Albo	**9963***	69,75
12. Nerea Martinez Regodeseves	**8847***	69,25
13. Ana Maria Vazquez Mille	**6389***	68,75
14. Eliseo Diaz González	**6241***	65,5
15. Silvia Castro Blanco	**1853***	64,25

Identidade do Aspirante	DNI	Puntos Obtidos
16. Iria Polo Casabella	**6383**	63,5
17. Maria Montserrat Diaz Campo	**9976**	59,5
18. Miguel Angel Janeiro Tapia	**9934**	58,5
19. Tania Aguiar Fernández	**5925**	57

TERCEIRO.- Atendendo á anterior lista, propónse o nomeamento a favor de:

Identidade do Aspirante	DNI
Pamela Villares Fernández	**5954**

CUARTO.- O aspirante proposto deberá acreditar ante este Concello, no prazo de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente Anuncio na sede electrónica, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria, de conformidade co establecido na Base 10.2 das bases reguladoras e no Artigo 62 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Os que tivesen a condición de persoal funcionario público estarán exentos de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar unicamente certificación do Organismo do que dependan, acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal.

QUINTO.- Advértese que quen, dentro do prazo indicado e, salvo os casos de forza maior debidamente acreditados, non acrediten a documentación ou da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeados funcionarios/as de carreira e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen ter incorrido por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente ou recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co disposto no artigo 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedimiento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Lugo.

Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Cervo, 9 de xullo de 2026.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1891

Anuncio

Ao non se teren presentado reclamacións durante o prazo de exposición pública de quince días hábiles, iniciado tras a publicación do anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 137, de data 17 de xuño de 2026, queda elevado a definitivo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 4 de xuño de 2026, relativo aos seguintes expedientes de modificación de créditos:

- Expediente núm. 7/2026: Modalidade de traspaso entre distintas áreas de gasto.
- Expediente núm. 10/2026: Modalidade de suplemento de crédito.
- Expediente núm. 11/2026: Modalidade de crédito extraordinario.

O anterior publícase en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locales.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, os interesados lexitimados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio, conforme ao establecido no artigo 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Cervo, 10 de xullo de 2026.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1892

CHANTADA

Anuncio

O pleno do Concello de Chantada, na sesión extraordinaria do día 13/07/2026 acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 22/2026 baixo a modalidade de suplemento de crédito/crédito extraordinario con cargo a unha operación de crédito por importe de 4.189.546,13€.

O expediente expónse ao público polo prazo de quince días , da acordo co artigo 169 do Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais , na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poderán presentar reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, as que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

Chantada, 13 de xullo de 2026.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1901

FOZ

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE FOZ PARA O EXERCICIO 2026

O Pleno do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 11 de xuño do 2026, prestoulle aprobación inicial ó Orzamento xeral e Bases de Execución do Concello de Foz.

O citado expediente permanece exposto ao público durante quince días hábiles nas dependencias da Intervención xeral do Concello, tras a publicación levada a cabo no BOP número 137, do mércores 17 de xuño do 2026.

Durante o período de exposición pública non se rexistrou reclamación algunha contra o acordo de aprobación inicial do citado expediente polo que de conformidade co artigo 169.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 20 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, faise pública a aprobación definitiva do Orzamento Xeral do Concello de Foz para o exercicio 2026, e procédese á publicación do seu resume por capítulo e o cadro de persoal que se detalla a continuación:

ORZAMENTO DE INGRESOS	IMPORTES
Capítulo 1: Impuestos Directos	3.217.477,56
Capítulo 2: Impuestos Indirectos	150.000,00
Capítulo 3: Tasas y otros ingresos	1.811.740,00
Capítulo 4: Transferencias correntes	3.922.982,58
Capítulo 5: Ingresos patrimoniais	1.106.584,00
Capítulo 6: Enaxenación de inversións	0,00
Capítulo 7: Transferencias de capital	0,00
Capítulo 8: Activos financeiros	0,00
Capítulo 9: Pasivos financeiros	0,00
A) TOTAL INGRESOS (Capítulos I a VII)	10.208.784,14

ORZAMENTO DE GASTOS	IMPORTES
Capítulo 1: Gastos de persoal	4.140.054,22
Capítulo 2: Compra de bens e servicios	5.419.955,05

Capítulo 3: Gastos financeiros	800,00
Capítulo 4: Transferencias correntes	389.900,00
Capítulo 5: Fondo de Contixencia	0,00
Capítulo 6: Inversións reais	246.074.87
Capítulo 7: Transferencias de capital	12.000,00
Capítulo 8: Activos financeiros	0,00
Capítulo 9: Pasivos financeiros	0,00
B) TOTAL GASTOS (Capítulos I a VII)	10.208.784,14

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, faise público a plantilla de persoal para o exercicio 2026.

PAZAS RESERVADAS A FUNCIONARIOS DE CARREIRA

DENOMINACIÓN	NUMERO	VACANTES	GRUPO
1.- HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL			
1.1.- SECRETARÍA	1	1	A1
1.2. - INTERVENCIÓN	1	---	A1
1.2.- TESOURERÍA	1	1	A1
2.- ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL			
2.2- SUBESCALA DE XESTIÓN			
2.2.1.- ADL TÉCNICO/A DE XESTIÓN	1	---	A2
2.3.- SUBESCALA ADMINISTRATIVA			
2.3.1.- ADMINISTRATIVO/A	1	---	C1
2.4.- SUBESCALA AUXILIARES			
2.4.1.- AUXILIARES ADMINISTRATIVOS /AS	4	2	C2
2.5. - SUBESCALA SUBALTERNA			
2.5.1.- BEDEL COLEXIO	1	---	AP
2.5.2.- AXENTE NOTIFICADOR	1	---	AP
3.- ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL			
3.1.- SUBESCALA TÉCNICA			
3.1.1.- ARQUITECTO/A	1	---	A1
3.1.2.- ARQUITECTO/A TÉCNICO/A	1	1	A2
3.1.3.-TÉCNICO/A DE MEDIO AMBIENTE	1	---	A2
3.2.- SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS			
3.2.1.- POLICÍA LOCAL			

3.2.1.1.- OFICIAL	1	---	C1
3.2.1.2.- POLICÍAS	8	1	C1
3.3.2.- PERSOAL DE OFICIOS			
3.3.2.1.- COORDINADOR/A OBRAS	1	---	C1
TOTAL	24	6	---

PRAZAS SUXEITAS Á LEXISLACIÓN LABORAL

DENOMINACIÓN	NUMERO	VACANTES	GRUPO
1. DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA			
TÉCNICO/A ARQUIVEIRO/A	1	---	A2
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	1	---	C2
ORIENTADOR/A LABORAL	1	---	A2
AUXILIAR DE SERVIZOS MÚLTIPLES	1	---	AP
2. DEPARTAMENTO ÁREA ECONÓMICA			
2.1. AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	---	C2
3. DEPARTAMENTO DE OBRAS E SERVIZOS			
3.1. UNIDADE DE OBRAS			
3.1.1.COORDINADOR/A SERVIZOS MÚLTIPLES	1	---	AP
3.1.2.MAQUINISTA CONDUTOR	4	1	AP
3.1.3.OFICIAL	5	---	AP
3.1.4.OFICIAL MECÁNICO	1	---	AP
3.2. UNIDADE DE XARDINERÍA			
3.2.1.COORDINADOR/A DE XARDINERÍA	1	---	C2
3.2.2. OFICIAL	4	2	AP
3.3. UNIDADE DE LIMPEZA DE EDIFICIOS			
3.3.1. COORDINADOR/A DE LIMPEZA	1	---	AP
3.3.2. LIMPADOR/A	4	2	AP
3.4. UNIDADE DE LIMPEZA VIARIA			
3.4.1. OFICIAL	2	---	AP
3.4.2. OPERARIO	6	5	AP
3.4.3. OPERARIO LIMPEZA PRAIAS	7	7	AP
3.5. UNIDADE DE RECOLLIDA DE LIXO			
3.5.1.COORDINADOR/A DE LIXO CONDUTOR	1	---	AP
3.5.2.CONDUTOR/A DE LIXO	3	1	AP

3.5.3.OFICIAL	1	1	AP
3.5.4.OPERARIO SERVICIO LIXO	6	4	AP
3.5.5.OPERARIO SERVIZO LIXO PUNTO LIMPO	1	1	AP
3.5.6.OPERARIO DE LIMPEZA	1	1	AP
4. UNIDADE DE BEDEIS			
4.1.BEDEL COLEXIO	2	---	AP
4. DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS			
4.1.COORDINADOR/A SERVIZOS SOCIAIS	1	---	A2
4.2 TRABALLADOR/A SOCIAL	1	1	
4.2.EDUCADOR/A FAMILIAR	1	---	A2
4.3.AUXILIAR DE SERVIZOS MÚLTIPLES	1	---	C2
4.4.AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	2	---	AP
5. DEPARTAMENTO DE CULTURA, DEPORTE, TURISMO E DESENVOLVEMENTO LOCAL			
5.1.UNIDADE DE CULTURA			
5.1.1.TÉCNICO/A DE CULTURA	1	---	A1
5.1.2.AUXILIAR DE CULTURA	1	1	C2
5.1.3.TÉCNICO/A DE TURISMO	1	---	A2
5.1.4.BIBLIOTECARIO/A MUNICIPAL	1	1	A2
5.1.5.BEDEL CONSERXE	1	--	AP
5.1.6.DIRECTOR/A ESCOLA DE MUSICA	1	---	A2
5.1.7.PROFESORES ESCOLA DE MÚSICA	6	---	A2
5.1.8.AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	1	1	C2
5.1.9.ENCARGADO/A DE RADIO FOZ	1	---	C2
5.1.10.LOCUTOR/A DE RADIO FOZ	2	---	C2
5.1.11. AUXILIAR OFICINA DE TURISMO	2	2	C2
5.2.UNIDADE DE DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL			
5.2.1.EDUCADOR/A SOCIAL	1	---	A2
5.2.2.AUXILIAR DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	1	---	AP
5.3.UNIDADE DE EDUCACIÓN.			
5.3.1.AUXILIAR UNED	1	---	C1
6. DEPARTAMENTO DE SEGURIDADE CIDADÁ. SERVIZO DE SOCORRISMO E EMERXENCIAS.			
ENCARGADO DE SOCORRISMO	1	1	AP
SOCORRISTAS	6	6	AP
AUXILIAR DE INFORMACIÓN E PRIMEIROS AUXILIOS EN PRAIAS	8	8	AP
TOTAL	98	46	

E segundo o establecido no artigo 103.bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, a masa salarial do persoal laboral ao servizo do Concello de Foz, que ascende a 1.989.803,12 euros, a cal debe ser publicada na sede electrónica da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia ou no seu caso da Comunidade Autónoma uniprovincial no prazo de 20 días.

Foz, 9 de xullo de 2026.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 1882

LOURENZÁ

Anuncio

Anuncio de notificación de baja de oficio en el Padrón Municipal de Habitantes por inscripción indebida

Con fecha 22 de junio de 2026 se inicia expediente en relación con la solicitud de baja en el Padrón de habitantes por caducidad y se procede a lo siguiente:

1º.- Declarar el inicio de procedimiento de baja de oficio de la inscripción en el Padrón Municipal de Habitantes de este Ayuntamiento, por caducidad a la persona que se relaciona a continuación:

D/Dª MICHAEL STIVEN DIAZ DÍAZ, con documento n.º: ***8933*

2º.- No siendo posible practicar la notificación a la persona interesada, se inicia un plazo de quince días, que empezará a contar desde el día siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOE, según lo dispuesto en el artículo 44 de la Ley 39/2021, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, para que la persona interesada presente ante esta Alcaldía las alegaciones que considere oportunas respecto a su situación en el Padrón de Habitantes.

3º.- De no presentar alegaciones en dicho plazo, y una vez recibido informe favorable del Consejo de Empadronamiento, se procederá a la baja en el Padrón Municipal de Habitantes del Concello de Lourenzá.

Lourenzá, 9 de julio de 2026.- La alcaldesa, D.ª Rocío López García.

R. 1883

MONTERROSO

Anuncio

Por decreto de Alcaldía de data 09/07/2026 aprobouse a ampliación da bolsa de emprego como persoal laboral temporal de auxiliares de axuda no fogar para o Concello de Monterroso, ditas bases foron aprobadas por decreto de 15 de xullo de 2024.

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No Rexistro Xeral deste Concello (presencial ou electrónico) ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días (10) hábiles contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín oficial da provincia de Lugo

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do concello <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>

Monterroso, 9 de xullo de 2026.- O alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 1884

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, exponse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2025, por un prazo de 15 días, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen convenientes.

A Pobra do Brollón, 9 de xullo de 2026.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 1885

QUIROGA*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 18 de xuño de 2026, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- A aprobación do Padrón de Auga, Sumidoiro, Lixo e Ecotaxa correspondente ao 2º trimestre do exercicio 2026.

SEGUNDO.- A exposición publica polo prazo de 15 días a efectos de exame e reclamación, mediante a inserción do edicto no BOP de Lugo e mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello conforme o establecido na Lei Xeral Tributaria e a Ordenanza Fiscal Reguladora.

TERCEIRO.- Poñer o cobro no termino do artigo 62.2 da Lei 58/2003, en período voluntario, se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes dende a data da recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior, se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte; si a notificación da liquidación realizase entre os días 16 e o último de cada mes dende a data da recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior, se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte. A partir da devandita data pasarase a recadación executiva co seguinte recargo de apremo e demais costas derivados da execución forzosa.

CUARTO.- A falta do pago no período voluntario indicado supoñerá a existencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía executiva da Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

QUINTO.- A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de 1 mes dende que se entenda producida a notificación.

Quiroga, 19 de xuño de 2026.- O alcalde presidente, José Luis Rivera Castro.

R. 1886

SARRIA*Anuncio***EXPEDIENTE 1571/2026: DESAFECTACIÓN. APROBACIÓN PROVISIONAL.**

O pleno do Concello de Sarria, en sesión realizada o día 02/07/2026, acordou aprobar provisionalmente a desafectación e polo tanto a alteración da cualificación xurídica do seguinte ben inmovible municipal:

Traza do camiño público denominado “Camiño Corgo”, en Escarlán-Goián, ten unha superficie de 603 m², que discorre entre varias parcelas que son todas da mesma propiedade, polo que procederá á súa agrupación, co que o camiño perde a razón de ser como tal, xa que o acceso á leira agrupada está garantido dende o vial LU-P-5705 da Deputación Provincial de Lugo. A referencia catastral é 27057A020090340000JB. A ramificación do camiño obxecto de desafectación descríbese cun valor unitario de terreo de 1,69 €/ m², e para os 603 m² de superficie de terreo afectado, o valor de taxación ascende a cantidade de 1.019,07 €.

En cumprimento do disposto no artigo 8 do R.D. 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de UN MES a contar desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica Municipal: <https://sarria.sedelectronica.es/board>

No devandito prazo, os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non habelas, elevarase automaticamente a definitivo o acordo de aprobación provisional.

Sarria, 9 de xullo de 2026.- O alcalde, don Claudio M. Garrido Martínez.

R. 1887

VILALBA*Anuncio*

Procedemento: Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)

Expediente número: 2645/2026

Publicación relativa á aprobación do texto regulador do prezo público relativo ao prezo público polos anuncios dispostos no "Libro das Festas"

O pleno do Concello de Vilalba en data do 9 de xullo do 2026, acordou o establecemento e fixación do prezo público relativo ao prezo público polos anuncios dispostos no "Libro das Festas", o que se fai público a efectos do

seu xeral coñecemento e de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O texto íntegro do prezo público pode ser consultado no portal de transparencia da sede electrónica da Corporación municipal, máis concretamente no seguinte enrutamento: sede electrónica/Portal de Transparencia/Normativa municipal/Regulamentos e Ordenanzas en vigor.

A maior abastanza, o texto encontrárase dispoñible no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Corporación durante un prazo de corenta (40) días hábiles contados dende o día seguinte ao do acordo plenario de referencia.

Así mesmo, a través do presente anuncio procédese a transcripción íntegra do citado texto regulador, o cal conta co seguinte tenor literal:

O Concello, segundo dispón o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Así mesmo, na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial, e sempre dentro da esfera das súas competencias, corresponde a este Concello a potestade regulamentaria, de autoorganización, tributaria e financeira

A entidades locais poderán establecer prezos públicos pola prestación de servizos ou a realización de actividades da competencia da entidade local, sempre que non concorran ningunha das circunstancias especificadas no artigo 20.1.B) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL, no sucesivo).

Noutras palabras, a Administración Local pode esixir o pago dun prezo público pola prestación de servizos ou a realización de actividades da súa competencia, sempre que non constitúan prestacións de carácter coactivo. É esta nota da coactividade, a que marca fundamentalmente a diferenza entre a taxa e o prezo público (non se aprecia a nota da coactividade na recepción ou solicitude do servizo ou actividade administrativa que ocasiona a esixencia do prezo público, mentres que a exacción das taxas son inescusables se concorre o pagamento).

Neste senso, segundo indica o artigo 44 da citada norma o importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada.

Con todo, a normativa permite no apartado segundo do citado precepto que cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por baixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberán consignarse nos orzamentos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbese.

No caso que nos ocupa o Concello pretende o establecemento dun prezo público co gallo de financiar a elaboración do Libro das Festas de San Ramón, non concorrendo, por tanto, ningunha das circunstancias especificadas no artigo 20.1.B) do TRLRHL. Tampouco nos encontramos ante algún dos supostos de non suxeición e exención do artigo 21 do TRLRHL.

Artigo 1. Fundamento e natureza

No uso das facultades previstas para os entes locais municipais no artigo 4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, así coma nos artigos 41 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello procede ao establecemento dun prezo público que rexerá en función do indicado no presente texto regulador.

Artigo 2. Obxecto

O obxecto do prezo público é a venda do libro de festas do San Ramón e a publicidade no mesmo que inste o usuario.

Os interesados na inserción de publicidade poderán presentar solicitude segundo modelo que se facilite na Sede Electrónica do Concello, dende o día seguinte ao da publicación do bando da alcaldía que se dite a tal fin, o cal será publicado no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello

Artigo 3. Pagamento

1. Devindícase o prezo público e nace a obriga de pago, desde o momento en que se solicite un espazo dentro da publicación no libro, no modelo normalizado facilitado pola Corporación

Artigo 4. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas que se publiciten no Libro das Festas, así como os que adquiran a referida publicación.

Artigo 5. Responsables

Responderán solidariamente as obrigacións do suxeito pasivo, as persoas físicas titoras ou responsables legais daquel.

Artigo 6. Cota

(1) Publicacións no libro:

- Contraportada (parte de atrás do libro): 2.000,00€ (IVE incluído)
- Páxina número 2: 1.500,00€¹ (IVE incluído)
- Páxina número 3: 1.500,00€^{*2} (IVE incluído)
- 1/4 de páxina: 125,00€ (IVE incluído)
- 1/2 de páxina: 250,00€ (IVE incluído)
- Páxina completa: 500,00€ (IVE incluído)

(2) Dispónse unha cota especial para a venda de libro: 10,00€/cada libro (IVE incluído). Con respecto dista, devindícarase o prezo público e nace a obriga de pago, desde o momento en que se solicite a compra do referido libro.

Artigo 7. Normas de xestión

1. As persoas interesadas na publicidade no libro deberán cumprimentar o modelo de solicitude que se facilitará desde o Concello.

2. O pago público esixirase a réxime de autoliquidación. O interesado deberá acompañar á solicitude para a publicidade unha copia do recibo acreditativo do pago do prezo público nos termos sinalados no apartado seguinte.

3. Tratándose de prestacións de servizos, o ingreso levarase a cabo mediante un depósito por ingreso directo nas arcas municipais.

4. Cando por causas non imputables ó interesado o servizo non se preste, procederá a devolución do importe correspondente, conforme o establecido no artigo 46.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

5. As débedas contraídas polos prezos públicos, aquí regulados poderán esixirse polo procedemento administrativo de constrinximento, de conformidade co artigo 46.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Esta acto administrativo regulador dun prezo público produce a revogación e retirada automática de calquera outro acto administrativo contrario ao indicado na presente publicación.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente acto administrativo regulador dun prezo público entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir da súa entrada en vigor, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 LPAC, ou ben interpor directamente recurso Contencioso-Administrativo, ante a sección do contencioso administrativo do Tribunal de Instancia de Lugo (artigo 8 Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei da xurisdición Contencioso-Administrativa.

Si optábase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso Contencioso-Administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producira a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor vostede calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Vilalba, 9 de xullo de 2026.- A alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 1888

1 Para o caso de que existisen máis solicitantes que espazos para publicidade no libro, procederase a adxudicación por sorteo público

2 Para o caso de que existisen máis solicitantes que espazos para publicidade no libro, procederase a adxudicación por sorteo público